

# ENTROIDO 2018

Carballo, 11 de febreiro

## BASES do CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

Entre o 9 e o 13 de febreiro terá lugar a festa do Entroido, unha das celebracións máis populares do ano. Co obxecto de dinamizar esta festa e potenciar a participación da cidadanía, o Concello de Carballo organiza un Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, que se regulan segundo as Bases que se indican a continuación.

**PRIMEIRA.-** Co obxecto de promocionar unha das festas tradicionais máis importantes no noso Concello e recuperar unha das prácticas populares destas datas, o Concello de Carballo, a través da Concellaría de Cultura, convoca unha nova edición do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas de Entroido.

**SEGUNDA.-** Este concurso celebrarase o domingo día 11 de febreiro ás 18.00 h. na Praza do Concello. Todos os participantes formarán parte do desfile que transcorrerá polas rúas próximas á Praza do Concello e rematará nesta Praza.

**TERCEIRA.-** Poderán participar todas as persoas que se inscriban nos prazos e lugares que se recollen a continuación:

INSCRICIÓN	
PRAZO	Comparsas e carrozas: Desde o mércores 24 de xaneiro ao xoves 8 de febreiro.
	Grupos, parellas e individual: Desde o mércores 24 de xaneiro, ata o domingo 11 de febreiro ás 17.00 h.
LUGAR	Registro Xeral do Concello de Carballo, preferentemente o situado no Pazo da Cultura >Rúa do Pan, s/n (de 10 a 14h) T 981 704 300 F 981 704 302 (ata o 23 de febreiro)
	Día 11: Praza do Concello (Só para grupos, parellas e individual). De 16.00 a 17.00 h

Será decisión do xurado admitir a participación de comparsas ou carrozas inscritas fóra de prazo, aínda que nese caso estas non terán dereito a recibir gratificación por participar.

**CUARTA.-** Establécense as seguintes categorías e modalidades nas que poderán inscribirse os/as interesados/as, que terán opción aos premios que se detallan a continuación:

PREMIOS				
CATEGORÍA	MODALIDADE	NÚMERO DE COMPOÑENTES	PREMIOS	
INFANTIL (ata 14 anos)	COMPARSAS	A partir de 8 compoñentes	1º premio:250 € 2º premio:110 € 3º premio: 60 €	
	GRUPOS	De 2 a 7 compoñentes	1º premio:100 €	
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 90 € 2º premio: 70 € 3º premio: 50 €	
ADULTOS (a partir de 14 anos)	CARROZAS	A partir de 15 compoñentes	1º premio:700 € 2º premio:400 €	
	COMPARSAS	A partir de 10 compoñentes	1º premio:500 € 2º premio:250 €	
	GRUPOS	De 2 a 9 compoñentes	1º premio:125 €	
	INDIVIDUAL	Un compoñente	1º premio: 60 €	
INFANTIL ADULTOS	OU	PREMIO ESPECIAL DE "CHOQUEIRO BERGANTIÑOS"	Un compoñente PARTICIPANTE INSCRITO EN CALQUERA DAS MODALIDADES (non precisa inscrición específica)	1º premio:100 €
		ACCÉSITS	A DISTRIBUÍR EN CALQUERA CATEGORÍA OU MODALIDADE	900€

O xurado poderá outorgar o premio especial "Choqueiro de Bergantiños" a calquera concursante que participe en calquera categoría ou modalidade do desfile. Polo tanto non precisa inscrición previa.

Atendendo á calidade dos disfraces presentados, poderanse entregar accésits en calquera das categorías ou modalidades por un importe máximo total de 900 €.

# ENTROIDO 2018

Carballo, 11 de febreiro

## BASES do CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

Ás contías de cada premio aplicaráselles a retención fiscal correspondente.

Enténdese como comparsa un grupo mínimo de 8 compoñentes na categoría de infantil e de 10 compoñentes na de adultos, disfrazados dun mesmo tema, que realizan algún tipo de representación e que NON levan consigo ningún vehículo de tamaño significativo. Considerarase carroza unha comparsa, cun mínimo de 15 compoñentes, acompañada dun ou varios vehículos sobre rodas, ben sexan autopropulsados ou remolcados, construídos ou decorados expresamente para o Entroido e convenientemente deseñada e decorada, cun tamaño mínimo de 2 metros de longo e 1 de ancho, e cunha decoración especial acorde coa denominación do grupo. Individualmente cada vehículo da carroza non poderá exceder os 4,00 metros de altura -medidos desde o chan-, 2,50 metros de ancho e 13 metros de longo, incluído o vehículo de arrastre. Acompañando cada vehículo, ademais do conductor, deberán ir un mínimo de 4 adultos. Os vehículos a motor deberán cumprir coa normativa vixente de circulación de vehículos pola vía pública e, tanto os vehículos como as carrozas deben cumprir coa normativa de seguridade aplicable e cos requisitos establecidos na folla de inscrición. Se algunha comparsa ou carroza contén algún elemento que poida supoñer un perigo para o público ou para os propios participantes, estes deberán comunicarllo á organización no momento da inscrición.

O Concello velará polo cumprimento das medidas de seguridade. No caso de que durante a construción, organización e/ou posterior desenvolvemento do desfile se causen danos a terceiros, a responsabilidade que se derive, será asumida solidaria e integramente polos inscritos como participantes no concurso que formen parte de dita carroza. En caso de dúbida, o xurado determinará se os participantes se adscriben á categoría de comparsa ou de carroza. Se nalgunha das modalidades colectivas participan compoñentes de idades pertencentes a diferentes categorías (menores e maiores de 14 anos), o xurado decidirá a que categoría se adscriben, para o que terá en conta o número de membros de cada idade e a súa repercusión no grupo. Se nunha modalidade dunha categoría participan menos de 5 concursantes, o xurado poderá constituir unha única modalidade que agrupe aos participantes da ambas categorías, incorporando á mesma os premios previstos en ambas. Evitarase a utilización de calquera tipo de artigo pirotécnico. Recoméndase que se utilicen materiais ignífugos e non inflamables. De maneira xeral, todos os participantes desfilarán coa música que dispoña a organización. Para manter a axilidade do desfile, no caso de que os concursantes interpretasen algunha copla, canción ou baile que supoña a parada do desfile, a súa duración máxima será de dous minutos para carrozas e comparsas, un minuto para grupos, e 30 segundos para disfraces individuais. Se os concursantes precisan música específica, entregarase á organización entre as 16.45 e as 17.00 h do día do desfile un CD ou pen cun único tema/pista, gravado en formato música ou mp3. No caso de xurdir algún problema coa reprodución do arquivo, a música que se empregará será a prevista pola organización.

En función do espazo dispoñible e para o mellor desenvolvemento do desfile, a organización determinará o lugar de colocación e orde no desfile, dos participantes.

**QUINTA.-** Co obxectivo de fomentar a participación, concederanse un máximo de 20 gratificacións, dun importe de 125 € para as comparsas de categoría infantil, 125 € para as comparsas de menos de 25 membros da categoría de adultos, 200 € para as comparsas de máis de 25 membros da categoría de adultos e de 250 € a cada unha das carrozas. Estas outorgaranse segundo a orde de inscrición, sempre e cando o xurado considere que os participantes reúnen unhas características ou condicións mínimas de calidade. Se o número de comparsas e carrozas participantes superan o número de gratificacións dispoñibles, poderá limitarse a un máximo de 2 gratificacións por cada entidade inscrita. As gratificacións entregaranse con posterioridade á celebración do concurso.

GRATIFICACIÓNS		
CATEGORÍA	MODALIDADE	GRATIFICACIÓN
INFANTIL	COMPARSAS	125 €
ADULTOS	COMPARSAS DE MENOS DE 25 MEMBROS	125 €
	COMPARSAS DE MÁIS DE 25 MEMBROS	200 €
	CARROZAS	250 €
Concederanse un máximo de 20 gratificacións		

**SEXTA.-** O xurado será designado polo Concello de Carballo e del formarán parte representantes municipais, de entidades culturais e sociais ou outras persoas de recoñecida capacidade. A decisión do xurado será inapelable e adoptarse por maioría simple de entre os seus membros.

# ENTROIDO 2018

Carballo, 11 de febreiro

## BASES do CONCURSO DE DISFRACES, COMPARSAS E CARROZAS

O xurado deliberará e emitirá o seu fallo ao finalizar o desfile, para o que terá en conta a orixinalidade e singularidade dos participantes, os materiais de elaboración dos disfraces e carrozas, a confección e construción artesanal, a complexidade da elaboración, os acabados da proposta, así como a simpatía dos participantes, interpretación de cancións ou realización de coreografías ou representacións vinculadas aos disfraces. Nas modalidades de carrozas e comparsas valorarase, de maneira especial, a existencia ou non de coplas e a súa calidade.

O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que os participantes non reúnen a calidade precisa. Se nalgunha das modalidades non se entrega algún premio poderase destinar o seu importe a outra modalidade en calidade de accésit.

O xurado do concurso terá a competencia de resolver calquera circunstancia non prevista nas presentes bases.

**SÉTIMA.-** A adxudicación dos premios e gratificacións farase pública o mesmo día do desfile, unha vez se celebre a reunión do xurado, e aboaranse a continuación, exceptuando aqueles que poidan estar suxeitos á retención do IRPF (os superiores a 300 €), que se aboarán mediante transferencia bancaria nos días posteriores á celebración do Concurso.

**OITAVA.-** Os participantes deberán cumprir coas medidas de seguridade indicadas nestas bases e coas que lle comunique a organización ou os servizos de seguridade o día do concurso, e son responsables dos danos que poideran causar no transcurso do Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, e eximen de responsabilidade ao Concello de Carballo.

A participación no Concurso de Disfraces, Comparsas e Carrozas, supón a total e plena aceptación destas bases.